

Procedemento Homologación de títulos estranxeiros de Educación Superior

(aprobada pola Xunta de Facultade con data 21-12-2017)

Lexislación aplicable:

- Orden ECI/1519/2006, de 11 de mayo, por la que se establecen los criterios generales para la determinación y realización de los requisitos formativos complementarios previos a la homologación de títulos extranjeros de educación superior
- Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre, por el que se establecen los requisitos y el procedimiento para la homologación y la declaración de equivalencia a titulación y a nivel académico universitario oficial y para la convalidación de estudios extranjeros de educación superior, y el procedimiento para determinar la correspondencia a los niveles del marco español de cualificaciones para la educación superior de los títulos oficiales de Arquitecto, Ingeniero, Licenciado, Arquitecto Técnico, Ingeniero Técnico y Diplomado.

Antecedentes:

Ante as solicitudes de homologación de títulos estranxeiros, o Ministerio de Educación pode esixir aos solicitantes a superación de certos requisitos formativos. Os interesados poden escoller a universidade española onde superalos mediante as modalidades de: proba de aptitude, período de prácticas, asistencia a cursos tutelados, realización de proxecto ou traballo de entre as que o Ministerio estableza na súa resolución.

Os actuais *Informes técnicos* de homologación de títulos, no cal se recolle a homologación condicionada a previa superación de requisitos formativos complementarios, fan referencia aos Módulos do título no cal o solicitante ten carencias e terá que completar a súa formación, non facendo referencia ás materias nas cales teñen carencias como nos informes dos antigos títulos de diplomaturas ou licenciaturas.

Segundo as características da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña, o procedemento que mellor se adapta para a homologación de títulos estranxeiros é a modalidade de realización dun proxecto ou traballo. En atención a circunstancias particulares, a Comisión Académica poderá asignar outra das modalidades legalmente establecidas.

O procedemento que o regula sería:

I. Solicitud

Os/as interesados/as solicitarán a realización da homologación do título, mediante instancia dirixida ao decano/a de a Facultade, en calquera momento do curso académico.

Xunto coa solicitude deberán entregar: fotocopia do DNI ou tarxeta de residente e o orixinal da resolución do Ministerio de Educación sobre a homologación solicitada.

A Comisión Académica resolverá as solicitudes presentadas o primeiro mes de cada cuatrimestre.

Á vista da documentación aportada, a Facultade notificará aos/as solicitantes a súa admisión, nos módulos que deberá superar e o prazo para abonar as correspondentes taxas.

O/a interesado/a poderá dirixirse ao profesorado encargado da titorización do proxecto ou traballo para coñecer detalles sobre o procedemento a levar a cabo.

2. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador do proxecto ou traballo será designado pola Comisión académica, para cada curso académico, prorrogándose ata o límite de anos para que o solicitante supere o proxecto ou traballo.

O tribunal estará formado por:

- O/a decano/a, ou vicedecano/a en quen delegue, que actuará como presidente do tribunal.
- O profesorado que titorice o proxecto. Agás na modalidade de Proba de Actitude que, de terse que aplicar, serían ata catro membros do profesorado, profesorado-doutor, preferentemente das áreas de coñecemento relacionadas cos módulos que presenta carencias o alumnado.

3. Desenvolvemento do proxecto ou traballo

Ao alumnado asignaráselle un titor/a por cada unha das materias que configuran cada un dos módulos que ten carencias formativas.

Os/as alumnos/as terán, en cada curso académico, dúas oportunidades de superalo. As datas de finalización faranse coincidir coas datas de peche de actas oficiais aprobadas pola reitoría.

4. Publicación de resultados

Unha vez finalizados o proxecto ou traballo, o tribunal recibirá as cualificacións por parte dos/as titores/as e notificará os resultados ao solicitante.